

Cando naceu esvaroume das mans coma unha troitiña. Redondiña e colorada coma unha cereixa, cos pulsos apertados e os olliños pechados, engurrou o nariz e tremeulle o queixo antes de chorar como aínda fai hoxe.

Lémbrome coma se fose agora. Era mércores de cinza, xa escurecera e eu viña dos oficios, aínda estaba de cura Don Florentino – que Deus o teña en descanso e bote alá moitos anos sen nós. Cando cheguei atopei a súa nai de crequenás agarrada coas dúas mans á cociña de ferro. Xa non estivera moi ben en todo o día e non quixera probar bocado ao xantar. Nin tempo me dou de avisar á parteira, non fixen máis ca botar unha manta no chan e caeume nas mans coma un animalíño, fóra a alma.

Na miña vida alegría coma ela levei, na miña vida. Despois tiveron outros dous netos, e quérolles ben a todos de corazón, ben o sabe Deus, que todos naceron aquí, nesta cociña. Axudei a traelos a este mundo e a crialos, e son os únicos que teño, pero non diría verdade se non admitise que Tareixiña sempre estivo máis preto de min ca ninguén neste mundo.

Eu só tiveron unha filla, a súa nai, Carme, e o día que ela naceu tampouco o esqueceréi nunca a non ser que se me vaia a memoria. Que hora tan triste foi para min!. Choraba arreo -miña meniña, que xa nacía sen pai. Por iso que cando Tareixa naceu foi coma se Deus me fixese un agasallo e gocei dela coma non o fixen da súa nai, ademais cando naceu seu irmán ela tiña un aniño e cando veu a pequena tiña tres así que o máis do tempo xa me ocupaba eu dela que a súa nai tiña de abondo cos outros dous.

Estouna a ver sentadiña no meu colo enredando coas puntas do meu pano, coas cintas do mandil, ou cos botóns da miña chombra. Enredaba con todo. Cantas veces a teño levado comigo para as leiras! Días enteiros na sacha, na sega ou no mulime sentadiña nunha cesta sen dar un chío, aínda despois de que xa andaba, xogando con dous carrabouxos. Non foi criar! Moita compañía me ten feito! Se eu esfolaba ela había de esfollar, se eu debullaba ela había de debullar, se eu mondaba, ou cocía ou labraba, ela había facer tal... Era pequeniña coma un carozo e xa collía a herba á manchea e ao caneiro co fouciño e amañaba os feixes que non se movía unha herba. Sempre lle tirou o de fóra máis có da casa e xa de grandíña cando non estaba cos seus libros andaba todo o tempo

gabexando nos porrais, rubindo polas froiteiras ou facendo perites coas barbas do millo.

Durmiu comigo ata que se foi para Santiago, cando contaba xa con catorce anos. Eu ensineille a rezar malia que ela sempre tivo unhas inquedanzas que ían máis alá do que o meu saber e a miña fe me permitían ou lle quería explicar e cuestionaba os dogmas da igrexa e mesmo dos tempos que nos tocaron vivir.

-E por que, madriña, e por que? -preguntábame loitando contra o sono, aniñada no meu colo ou arrimada ao meu peito mentres eu desenredaba cos meus dedos o seu pelo crecho.

Gustáballe, e aínda lle gusta, que lle contase cousas de cando eu era pequena: qué facía, qué comía, con qué xogaba, cómo me vestía... Quedábase a durmir escoitando as miñas andanzas e eu sabía que na súa cabeza estaba a ver e a sentir todo canto eu lle contaba como se estivese a acontecer nese mesmo intre. Tenme espertado no medio na noite cavilando nos contos que eu lle contara cando xa ela loitaba con *Pedro Chosco* por escoitar un pouco máis das miñas andanzas.

-E que máis, madriña, e que máis? – preguntaba mentres abaneaba en min sen nin sequera abrir os ollos.

Moitas veces dime que un día ten que escribir a historia da miña vida para que nada se perda, para que o seu fillo e os fillos do seu fillo saiban dos seus raizames. Di que eu sempre fun o seu faro, o espello no que se quere ver como persoa, como nai e sobre todo como muller valente e independente, forte e loitadora. Así é como me ve a miña neta, pero eu ben sei que a miña vida non ten máis mérito co de vivir nos tempos que me tocaron, tempos de penurias, de miserias, de medo e ata de fame. Malia todo a min éncheme de orgullo porque sempre foi ela a meniña dos meus ollos, pero anéganseme a face de tristura e encólleseme o peito, non polo que eu sufrín e padecín senón polo medo de que poidan os meus pasar por outro tanto, que este mundo dá moitas voltas e á miseria chégase antes do que se escapa dela.

A min non me quedou máis remedio ca tirar para diante sempre, non puiden escoller. Tareixa dime, agora que pode ver con claridade, que sempre se ten elección e eu sei que ten razón, pero ás veces a outra alternativa non se pode sequera considerar. *Recuar só para coller impulso*, que o que se gaña en toda unha vida pérdese nun intre, e non me refiro aos bens ou aos cartos, que tamén, se non aos valores, aos principios, á

honra, á dignidade, aos dereitos que se gañan a forza de renunciadas, de atrancos, de traballo e de tempo, que se gañan para un e para os que veñen detrás, para os que nos ensinaron e para os que aprenden de nós, por iso se me enchén os ollos de bágoas cando a miña neta me di que eu son o espello no que se quere mirar, porque non é doado saber como sería un se non se vise obrigado polas cousas da vida, se escoller fose un acto verdadeiramente libre, aínda que eu non creo que exista tan sequera esa posibilidade, por iso, oxalá que os chanzos que eu e outras coma min subimos non os teñan que volver subir as nosas fillas e as nosas netas que aínda recollendo a testemuña onde nós a deixamos quédalles moita andaina.

Eu nacín en Frías, unha aldea de Ordes. Eramos sete vivos, dous homes, que eran os máis vellos, e cinco mulleres. Tivo *mi madre* outras dúas nenas que morreron ao pouco de nacer. Despois de min, que son a cuarta das mulleres, nacera unha nena que lle chamaban Florinda, que morreu de alí a uns días, pero eu xa non a acordo porque tería un ou dous anos, despois tivo outra que tamén lle puxeron Florinda e que tamén morreu ao pouco de nacer e tampouco non a acordo, e xa ao remate veu outra nena, Lela, que é a máis nova, débolle levar eu catro ou cinco anos. Puxéronlle Manuela pola nai de *mi padre* que foi de madriña porque a tía Florinda non quixo ir de terceiras, dicía que non tiña sorte coas afilladas. E moita non tiña, todo sexa dito, e menos mal que xa ela pensou ao caso que *mi madre*, despois de perder dúas criaturas, xa non quería volverse arriscar, e, que tivera que ver ou non, o medo tiñao no corpo.

Eramos de abondo, sobre todo para comer que había moita escaseza, pero daquela tiñanse moitos fillos, os que Deus che mandase, non é como agora que a parte de se teren poucos ou ningún sobra de todo, que dá pena de tanto que se tira: roupa, comida, xoguetes... O que cambiaron os mundos!.

Viviamos todos na mesma casa: meus pais, meus avós -os pais de *mi padre*- e nós. Non era unha casa pequena para daquela. Abaixo tiñamos a cociña e as cortes das vacas e dos cuxos que entraban e saían pola porta da casa, que non había outra. Mesmo era na cociña, co chan de terra, onde se baleiraban os carros da herba e se facían, de inverno sobre todo, as empalladas mesturando a herba verde coa seca ou con palla de trigo ou de millo tronzada e botábaselle de comer por unhas buratas.

No sobrado había tres cuartos. Nun durmían os avós, noutro os meus pais e máis a pequena, e noutro todos os demais, os homes separados das mulleres por unha saba

perdurada dun arame. Só había tres camas, cuns colchóns de la que espeliamos sempre polo verán, onde durmían os matrimonios e meus irmáns, miñas irmás e máis eu durmiamos nuns xergóns de palla. Moito frío temos pasado! De inverno o aire coábase polas fiestras e os caramelos de xeo penduraban dos cristais polo lado de dentro. Daquela os cobertores pesaban moito pero pouco abrigaban e nin sequera había tódolos que facían falla.

A cociña era xeitosa, coa lareira, o anllar, un vertedoiro de pedra de cantería, o baño do salgado, unha artesa, un pipo de viño, a mesa de comer, uns tallos para sentarmos, un andel na caixa da cheminea e unha pequena bufarra na parede, non había outra cousa, claro que o que había que gardar e máis todo non era nada. Sobras de comida non quedaban e a boroa dábannola racionada. Lembro que *mi madre* nos poñía uns cachelos escorridos nun cestiño con pallas e de alí comiamos todos coas mans e pelexabamos porque uns bulían máis cos outros. Moita fame se pasaba, e aínda se pasou máis na guerra e despois da guerra, levábancho todo. Téñolle oído dicir a *mi padre* que mesmo algunha vez se vira na necesidade de ir roubar unhas patacas de noite, que non tiñamos que levar á boca. Por iso que ás veces non dou creto ao que tal aconteceu dende aquela e teño medo de que algún día isto dea unha volta, xa non por min, que eu agora estou coma quen di agardando polo día, pero esta xuventude que se criou na fartura, que non sabe o que é traballar nin coñecen outra vida máis ca esta... Non aprecian o que teñen nin lle dan valor a ningunha cousa, pero estes mundos han dar noutros que detrás das vacas gordas veñen as fracas e agora non se garda da risa para a chora, non se garda nada, todo é vivir ao día, co posto. Gáñase hoxe e gástase mañá, cando non se gasta xa antes de gañalo, que hai quen estira o pé máis do que dá a manta. Moito teñen porfiado meus pais comigo e eu coa miña filla aínda máis, que non quería que ela pasase polo que eu pasei, por iso me matei a traballar.

Acórdome ben daqueles tempos, traballar, traballabamos coma mulas, había encargos para todos, dende o máis novo ao máis vello, pero xa iamos acostumbrados a aquilo. Fartura non tiñamos pero non nos faltaba alegría, polo menos aos máis cativos que o que queriamos era enredar e xuntarnos uns veciños cos outros mentres os maiores se deitaban un pouco despois de xantar ou cando non había tanto que facer no inverno. Na aldea eramos moita rapazada e no verán, nas horas de calor que non se ía para as leiras, xuntabámonos un ben deles das aldeas de preto para xogar á billarda, á espita ou á

estornela, que eran os xogos que había daquela, irmos bañarnos ao río ou mocear os máis vellos, non había outros divertimentos.

Cando eu era xa unha rapaza, tería dez ou once anos, meus pais trataron coa tía Melania, a irmá máis vella de miña nai, e máis co tío Francisco de mandaren con eles unha de nós porque eles non tiveran familia. A máis vella, Carme non quixo saber nada do asunto, despois, a que lle segue, Ernestina, tampouco porque sempre foi un pouco delicada de saúde e mandaron a que vai antes de min, Paquita, que xa era afillada deles. Estivo aquí, en Merelle, menos de quince días e levárona de volta. Paquita sempre foi a máis preguiceira de todos e a máis contestona e a tía Melania tiña un xenio doente e non che estaba por aguantar a ninguén se non porque a aguantaran a ela. E mandáronme a min. Eu choraba porque tampouco quería ir e o meu avó, Andrés, o pai de *mi padre*, aínda choraba máis ca min.

-Non lle val ningunha caragho! Quéreas aghora que xa están criadas.

-É polo seu ben –dicía *mi madre*- quixera ter eu abondo que lles dar a todos, ou aínda que non fose máis ca un pouco.

- Mandádeslle os meus pés, caragho, mandádeslle os meus pés –repetía el limpado os ollos nubrados de bágoas co seu pano da man.

Ao meu avó faltábase unha perna polo xeonllo e na outra non tiña moita mobilidade, tivéranlla que cortar ao pouco de nacer Lela porque lla esmagara unha lousa de pedra que lle caera enriba cando tentaban descargala dun carro. Aínda así era un home forte que traballaba arreo no que podía, pero había cousas que lle custaba facer e andaba sempre a chamar por min para lle facer os recadiños e, malia que se desenvolvía moi ben coas súas muletas e andaba tan lixeiro coma calquera, a min dábame moita pena ver como se remexía todo para facer algunhas cousas e como maldicía a pobreza de non poder valerse por si mesmo.

-Queres que che ate os amallós do zoco padriño?

-Átamos logho miña amighiña, átamos logho –contestábame el- que “*cando paira a pera heiche de dar un peruco*”.

Lembro cando *mi madre* me veu traer a Mérelle. Foi despois das festas de Nosa señora, un día contra a noitiña. Meteu as miñas poucas cousas nunha saqueta e collemos camiño. Sería preto dunha hora andando. Fun chorando todo o camiño mentres

ela ía convencendo en min.

-Has de estar ben miña nena, xa verás –díciame. Habémoste de vir ver tódolos domingos, non ves que é unha sorte para ti?

-Pero eu non quero ir *mi madre*, non quero ir. Por que teño que quedar eu?

-Anda Loliña –replicaba pouco convencida- que has estar mellor ca ningunha, eles teñen moita larganza, non che ha faltar de nada, xa verás.

Pero a min daquela a herdanza importábame pouco eu só quería estar con eles todos. Cando entramos pola portela da eira o día volvéuseme noite e púxoseme un no na gorxa que non podía nin falar. Mi madre marchou de contado, sería por non me dar máis pena e por apurar o treito. A tía Melania doume un boliño de pantrigo acabado de enfornar cunhas richas no medio, xa sería por terme contenta e que non lle marchara eu tamén. Calquera outro día había alampar por aquilo, que non comiamos nós pantrigo nin os días da festa pero naquel intre non me baixaba bocado e andei agarrada ao bolo ata que fun durmir.

Tiña un cuarto para min soa cunha fiestra que daba ao agro de atrás, unha cama cun colchón de casulas, unha mesiña e un roupeiro no que non tiña nada que colgar nada máis ca unha chombra, unha saia e unha rebeca que xa foran das miñas irmás máis vellas, dous vestidos de diario e o mantón de oito puntas que me mandou a miña avoa e que aínda conservo, estaba algo picado da traza pero aínda non fai moito que Tareixa o levou a arranxar.

O tío Francisco era un santo de Deus, pero miña tía Melania era mala coma o demo, na miña vida vin muller máis amargada e máis retorcida e os melindres que me procurou os primeiros días pouco lle duraron que non ía no ser dela. Marchei moitas veces para a casa de meus pais pero *mi madre* volvíame traer unha e outra vez ata que xa fun máis mociña e xa me daba vergoña e entón non me quedou máis remedio ca comer o pan que o demo amasou. A tía andaba todo o día a rosmar e a mandar: hai que facer isto, hai que facer aquilo, hai que facer o de máis alá... Menos mal que o tío máis eu xa pasabamos o máis do tempo nas leiras e xa pouco a viamos diante, pero con todo a min non me deixaba nin resollar. Nunca me permitía ir á misa de tarde os domingos coas miñas compañeiras e facíame ir con ela á de cedo e collela de ganchete, non había cousa que máis me aborrecese e por enriba ir e vir co veo posto. Daquela as mulleres tiñamos que cubrir a cabeza na igrexa pero as mozas xa levaban panos polos ombreiros e non se

cubrían máis ca dentro das igrexas. Eu devecía por ir ás misas de tarde que era cando ía toda a mocidade e despois volvían todos xuntos polo camiño cantando, falando ou meténdose os uns cos outros, pero a min nunca me deixou ser como as outras. E se algún día non podía ir pola mañá e ía pola tarde tiña que vir dereitiña para a casa. Ai!, tenme dado boas zorregadas por me entreter polo camiño, que me vixiaba dende a porta do hórreo para saber con quen ía ou con quen viña. Despois, cando era xa máis moza non me deixaba ir ás pandeiradas, e cando as miñas compañeiras lle rogaban moito e consentía, facíame levar os zocos e a roupa de diario e o tío Francisco tirábame as cousas nunha saqueta pola fiestra para que me cambiase, e tíñame que cambiar cando ía e cando viña para que ela me vise entrar coa mesma roupa. Ás veces, de inverno, cando as foliadas se facían con noite pechada, porque xa sempre era de noite, dende que a tía ía para a cama o tío levábame ata a casa da escola onde se facían, e logo volvía coas veciñas, pero el deixábame a fiestra do meu cuarto aberta e a esqueira posta para que entrase e logo ía quitar pola mañá cedo porque el era o primeiro en erguerse. Moi bo foi para min aquel home, mesmo sen ser do meu sangue. A tía estaba tamén todo o día a cutifar con el, pero el dicíame que non lle había que facer moito caso.

-Non lle contestes, non sexas burriña –aconsellábame- ti fai coma que non oes.

-Como non lle vou contestar tío, se está todo o día insultando en min. Se non me quería para que me foi buscar? Eu non sei como ti a aguantas, de verdade.

-Douna Deus así –dicía resignado, sabedor de que non lle quedaba outra que cargar con aquela cruz- que lle imos facer.

Cando tiña quince ou dezaseis anos empecei a falar con Cosme. Cosme era de Vilaverde, outra aldea ao lado de Merelle. Era algo máis vello ca min. Andamos de mozos ata que el cumpriu o servizo militar: tres anos en África sen vir nada á casa. Por iso que eu non gocei nada da miña mocidade. Cando volveu ordenamos de casar. Naquel entón casábase dun día para outro coma quen di, non había tantos preparativos como hai agora. Díos nos arrede! Mercábase un traxiño ou un vestido que xa che quedaba para despois, non para o día coma agora, e matábase un carneiro para convidar á familia e aos veciños de porta e pouco máis había, pero pasábase ben: bailábase, cantábase, tocábanse as gaitas e as pandeiretas e había foliada ata a noite.

Miña tía mandárame facer nunha costureira de Ordes un traxiño de saia e

chaqueta de media manga dun pano de cor verde herba que fomos escoller ela máis miña irmá Paquita máis eu, e fomos a Santiago mercar uns zapatos castaños que aínda poucos se vían doutra cor que non fose negro. Moi bonitos eran! Meu irmán, o máis vello, que xa estaba emigrado en Bos Aires mandárame un pano de seda estampado que moito campaba, aínda que xa case que nin tiven ocasión de o lucir.

Daquela viñera a moda de levar a raia do pelo de lado e os moños altos pero miña tía quería que levara o carreiro ao medio e o pelo ben apertado e non mo deixaba levar como eu quería, pero miña irmá Paquita testaneou e testaneou con ela para que mandara vir a *peinadora*. Paquita tiña moito xenio tamén, daban ben a unha coa outra, pero sempre foi moi boa moza e, dentro do que había, andaba moi arraxada e moi peiteada, mesmo aprendeu a coser e foi moi boa costureira. Leváballe idea tamén. Chamábana para as casas grandes e ao mellor botaba alí tres ou catro días, ou unha semana -cosendo e remendando, que daquela todo o había que facer á man-, sen ir á casa, comía alí e durmía alí, e dunhas casas xa a recomendaban para outras, mesmo ten estado cosendo en Santiago tempadas de dúas ou tres semanas seguidas. Por iso que ela xa estaba máis ao tanto das modas.

Casamos pola Nosa Señora e de alí a pouco, antes do Nadal, xa o viñeron buscar para ir á guerra. Nunca máis volveu. Nin enterralo puidemos. Seica está aló no Val dos Caídos, mandaran firmar un papel para enterralo nese sitio, pero aínda de alí a moito tempo. Fun unha vez alá coa miña filla e co meu xenro, xa fai ben anos. Eu sempre quixen ir dar alá, ver onde estaban os seus osos, pero aínda fora mellor non ir que polo menos tiña eu a miña idea. É moi triste non saber como foi ou como non foi, que che chegue un aviso á casa e máis nada. Quédache unha carraxe que che dura toda a vida. Non ter a onde lle ir chorar, non ter onde lle poñer unhas flores por Defuntos. Entérranse no peito dun, é coma un engano. Por moito tempo aínda pensei que non era verdade, que podía ser outro, que despois da guerra había aparecer, e agardei, agardei moito tempo, agardei moitos anos secretamente, pero un día deixei de rezar e cando deixei de rezar deixei tamén de agardar.

Cando Cosme marchou, ou cando o levaron para ben ser, eu estaba en cinta da miña filla, debía de estar de moi pouco porque nin eu o sabía. Mandámoslle carta aló onde estaba destinado, pero xa nin contestou. Morreu sen saber que ía ter unha filla, ou un fillo, que entón non sabías o que era ata que lle vías a cara.



Cando mandaron o aviso eu non estaba na casa, lémbrome que fomos tallar meu tío e máis eu dende ben cedo para uns montes que tiñamos aló xa preto de Cerceda. Antes íase tallar ao monte tres ou catro días enteiros, ou máis. Cando chegamos á noitiña xa estaba alí toda a miña familia, meus sogros, miñas cuñadas... eu xa non sei quen estaba nin quen non. Mi madre non deixou que nos mandasen recado por se me poñía mal lonxe da casa. Foi moita pena! Eu caín na cama e por unha tempada estivo alí mi madre comigo. Botóuselle un funeral e ordenouse unha novena na casa de seus pais á que eu nin sequera fun do mal que me puxen, e rexoubáronme moito por iso. Á miña tía Melania pareceulle moito mal e tivo unha boa agarrada con mi madre, seica ningún óso rompido non tiña e non había que dar qué falar, aínda por riba cunha criatura á porta. Á familia do meu home tampouco nada teño que lle agradecer que nin a onda min viñeron nin cando naceu a miña filla, debían ter medo de que lles fose pedir algo. Só veu miña sogra de alí a unha semana ou dúas e medio escapada que, disto decateime máis tarde, dicían miñas cuñadas que aínda a ver de quen sería a nena que seica non lle daban as contas. Cando mo contaron predeu o xenio en min que se non me coutan bótome a elas e esgánoas. Me falte *mi madre* se non!

Traballei coma unha mula, como traballábamos todas, aínda en estado. Os homes estaban todos na guerra e só quedaban as mulleres, os meniños e os vellos para termar da vida, que aos que non nos tocou estar na fronte tamén nos tocou loitar o noso, doutra maneira, iso si, pero pasáronse moitas penurias. Mesmo pouco antes de dar a luz, xa estaba ben próxima, a tía mandoume pola calor do día virar a herba seca á Chousa da Barca. Era preto do San Pedro e caían as aves do ceo, e virar vireina toda, pero de camiño para a casa doume unha volta e acudíronme os veciños que ían para as leiras. Ai, canto se enfadara o tío Francisco! Nunca o vira así. Díxolle que era mala coma un can da rabia, que xa Deus non lle dera fillos porque non valía para os ter, que non tiña dó de ninguén máis ca dela. Tamén lle dixo que en canto parira me tiñan que ir porfillar e testar, que se faltaba el pobre de min e da criatura. Grazas a Deus que foi ela antes e o tío aínda tardou moito en morrer, aínda despois de nacer Tareixa. El axudoume todo o que puido e eu tamén o coidei coma se fose meu pai, aínda que a dicir verdade poucos traballos me dou. Deus o teña en descanso que foi un santo para min!

Carme naceu a primeiros do mes de Santiago. Andamos toda a mañá a carrexar na herba seca e ao xantar eu xa non podía máis. A miña amiga Pilara, que

vivíamos porta con porta, foille dar aviso *a mi madre*. Por aquel entón non había médicos nin nada. Haber había, vaia, que estaba Don Pepe e xa daquela tiña raios, pero pouco se ía a el, e cando se ía xa era nas últimas coma quen di. Antes eramos moi sufridos de Deus, aínda se rompías un brazo cho entalaban na casa. Así curabamos tamén, daquela maneira... E non era que non fose Don Pepe boa persoa, que nunca deixou de ir á casa de ninguén ou de miralo aínda sabendo que non tiñan con qué lle pagar nin en cartos nin noutra cousa, que moitos que non tiñan diñeiro pagábanlle con froito ou se non tiñas nin para os teus agradecíaslle con traballo, pero, non sei porqué aos pobres sempre lles costa pedir máis cós ricos. Aínda a Deus non lle pedimos máis ca aquilo xustiño, coma se estivese na bancarrota e non houbese de abondo para todos. Cada un pide conforme á súa condición: os ricos coma ricos e os pobres coma pobres; o que máis ten, máis pide.

A miña Carme naceu ben grazas a Deus. Naceu sa e iso xa é sempre alegría de abondo, a única que tiven, tanto eu coma a miña familia.

-Do que é mal, polo menos -dicía a tía Melania- non é filla de solteira, que ser orfa é moita desgraza pero non é ningunha vergoña.

E razón non lle faltaba, que antes as cousas éranche ben diferentes e ser nai solteira ou ser fillo ou filla de solteira non che era boa cousa. A xente tiña outra mentalidade, era moi ruín, e sempre había ver o lixo no ollo do veciño. Quedabas coma quen di marcado ou marcada de por vida, pero para min naquel intre tanto me tiña, Carme nacera orfa e iso viña ser non ter pai e para min non ter home. Hoxe non che é o mesmo, as mulleres fan a súa vida coma os homes, teñen o seu traballo, os seus cartos, os seus coches e se non traballan fóra da casa dá o mesmo, saben que teñen os seus dereitos e disfrutan do que hai, e toman as súas decisións sen precisar o permiso de ninguén e iso éche moita riqueza, moita, que nos meus tempos unha muller non era ninguén, era menos ca un rapaz no que aos dereitos se refire, sen o consentimento do home ou do pai ou do irmán non nos podíamos mover, estabamos coutadas por todos os lados. Pero como non coñecías outra cousa vivías con aquilo coma se fose normal, coma se fósemos menos por natureza. Non quero dicir que tódalas mulleres fósemos unhas apoucadas que non mandamos nada, non había máis ca ver á tía Melania e ao tío Francisco, pero iso era coma quen di de portas para dentro, que de portas para fóra non tiñamos poder ningún no que se refire aos asuntos legais e de papeis a nosa firma non valía nada en por si de non ir acompañada da dun home. Así que tempo andando entendín ben iso que dicía a tía

Melania de que mellor ser viúva ca nai solteira, non no senso que ela o dicía, que a ela só lle importaba o que diría o mundo, se non no senso de que para unha muller era o único xeito de vivir a súa vida sen depender dun home, de ir e de vir sen lle dar explicacións a ninguén, de facer e desfacer á súa maneira, de que a súa firma tivese valor en por si, e iso non ten prezo. Agora a estas cousas non se lle dá valor ningún porque xa se nace con elas e non se sabe o que é non telas, pero non fai tanto tempo, que dende que o mundo é mundo aínda foi onte, coma quen di, que as mulleres podemos votar ou ter unha cartilla no banco ou ter un traballo ou mesmo saír pola noite ou viaxar sen o consentimento dun home. Daquela a única maneira era ser viúva, e eu era viúva. E unha vez que sabes da liberdade, da independencia, xa non podes pasar sen ela, ou eu polo menos non puiden.

Carme foi unha nena sa e boa de criar. Poucas veces andou enferma e sempre foi moi tranquila e pouco chorona e iso axudou de abondo porque eu pouco tempo lle puiden dedicar, pasaba días enteiros que case nin a vía. Miña meniña! Como ela pouco reclamaba eu pouco lle daba. O que dicía de que cada un pide segundo a súa condición. Parece que xa nacemos sabendo o que podemos agardar. Cando naceu tívenme que desdobrar porque o traballo había que facelo igual. Lembro que ía e viña á casa para lle dar o peito e ás veces xa chegaba pingando porque o leite xa apremaba, e cando iamos para as leiras de lonxe, que xa botabamos aló todo o día, levábaa comigo envolvidiña nunha manta para non ter que ir á casa e non botar o día no camiño; pero o máis do tempo coidábaa a tía que era a que case sempre quedaba na casa. Agora, así e todo, non é criar. Antes moitos traballos se pasaban, non había enredos, nin medicinas nin cueiros de tirar coma agora, e eu só tiven unha pero había quen tiña dez ou doce fillos e había que lavar todo a man, e houbera sequera de abondo para lavar que non había, e ás veces secábanse un pouco ao lume e aguantaban outra vez. Canta miseria!

Cando Carme era pequeniña, aínda non tiña tres anos, a tía Melania caeu enferma. Quedou eivada do brazo e da perna dereitas e ata se lle torceu a boca e tiña dificultade para falar e para comer. Foi un pau ben forte que, aínda que era mala coma o demo, facíanos moita falla e o certo é que coa nena adozáraselle bastante o xenio. A nena era bonitiña coma un caravel, daba gusto vela e quería lle moito porque estaba todo o día con ela. Tiña limpa e coidada e levábaa a tódolos sitios: á verdura, ao lavadoiro, á misa... Estaba moi orgullosa dela e sempre dicía: “Esta meniña é a nosa alegría”. Nunca de min dixera tal cousa nin nada parecido, pero eu agradecíalle que mirara tanto pola nena,

porque os fillos doen moito. Un pode ir termando de tódalas penurias, as hostilidades, as mofas... pero a dor dos fillos, e dos netos que son coma os fillos, dóenos máis ca nosa propia dor e somos capaces de sacrificar por eles e por elas máis do que estamos dispostas a dar por nós mesmas e sen dubidalo unha soa vez, somos capaces ata de matar sen que nos trema a man nin a conciencia. É duro de oír, pero é unha lei da natureza que vai máis alá mesmo da razón. Hai que ser nai para saber o que digo.

Dende que a tía enfermou a nosa vida dou unha reviravolta. O tío máis eu non poidamos con todo. Había que coidar dela e máis da nena. Eu tiña pouco máis de vinte anos e desesperaba. Cando ía á casa de meus pais fartábame de chorar, pero eles tampouco tiñan moito e non me podían axudar. Cartos non había nin de onde sacalos, tiñamos dúas vacas e vendiamos os cuxos que daquela non se mataban máis cos porcos e algunha galiña ou algún polo cando os había, e eu non vía que facer da miña vida, entón o tío Francisco vendeu unha leiriña pequena de monte que tiñamos preto de Cerceda, -os montes aínda se pagaban ben porque aproveitábase todo: a leña, o toxo, as fieitas... ata o gando se levaba a pacer ao monte-, e mercou unha besta. Foi dicindo que era para que eu non tivese que cargar cos sacos do gran ata o muíño, -de millo, que o trigo que había requisábano case todo-, e que puidese ir vender algunha verdura á praza a Santiago para facer un real sequera para a nena, pero non era verdade, mercouna para o estraperlo do volframio. Alá un primo seu o convenceu, e el, meu pobre, deixouse convencer de contado. Ían pola noite ata Castriz, alá preto de Santa Comba que era onde estaban as minas de Barilongo, alí tiñan o contacto. Atravesaban todo por Tordoia, polos montes, para que non os visen, e de volta facían a venda en Brandoñas. Decía o tío que os que máis andaban á roubacha eran os propios que traballaban na mina que eran os que coñecían as galerías e tapaban aos vixiantes. Tense feito moitos cartos traballando nas minas e co estraperlo. Daquela o tío aínda fixo unha boa apañada. Ían unha ou dúas veces por semana e nunca no mesmo día, pero chegaba rebentado, tanto el como a besta, e eu non pegaba ollo en toda a noite dende que marchaba ata que oía ladrar o can que os daba xa un anaco antes de que cruzase a eira e metera a besta na corte. Non eran os únicos que andaban ao estraperlo, outros andaban ao trigo e outros ao carbón. A necesidade era moita sobre todo despois da guerra. Andou preto de dous anos, pero un día agarrou moito medo. Volvía el só, era polo San Xoan, aínda non abrira o día, aló á altura de Santaia, doulle o alto a Garda Civil cando viña de volta. O tío díxolles que era retellador e que ía a Ordes facer uns encargos. Mandárono espir e rexistrárono de arriba abaixo pero non levaba

nada. O tío sempre gardaba os cartos na sela de montar porque a besta era brava e non deixaba que ninguén se lle achegara, aínda así mandáronlle quitar as alforxas, miráronllas e preguntáronlle para qué as levaba e o tío díxolles que ás veces a xente non tiña cartos cos que lle pagar e pagáballe con patacas, con millo ou co que tiñan. Viñeron canda el ata a casa. Cando oín ladrar o can suspirei porque xa me tardaba, agardei a que o tío entrara coa besta na eira pero non entrou, entón xa me dou o corpo que algo non ía ben. Saltei da cama coma unha chispa e saín á fiestra do curral. Aínda estaba a clarexar pero xa os vin diante da cancela da eira: o tío coa besta polas bridas e os dous Gardas detrás del nos cabalos. Ai, na miña vida hei de esquecer a cara do tío Francisco, por moitos anos que viva! Levantou a vista e eu xa entendín.

-Veño logo arranxar esas tellas -díxome cunha voz que nin recoñecín- e eu reaccionei ao dereito.

-Agarde logo que lle vou tornar o can -contestei.

Puxen o vestido por enriba da camisa, metín os zocos nos pés xa sen medias nin nada, collín o pano e baixeí ás carreiras. O can, o Petís, pola noite deixabámolo ceibo e matábase a ladrar. Ladráballe aos gardas, pero eles non o sabían así que agarreino e metino no cortello da besta para que non se notase que xa coñecía ao tío.

-Meta a besta no pallote que hoxe halle de vir moita calor –díxenlle ao tío mentres abría a cancela da eira.

O tío pasou coa cabeza baixa sen dicir palabra e sen me mirar sequera cara o pallote e púxose a sacarlle as alforxas e a sela á besta. Eu saquei forzas de onde non as tiña malia que me tremían as pernas e quen me coñecese ben se había dar conta de que aquela tampouco era a miña voz, parecía tatexa.

-E logo, ocorre algo? –pregunteilles tentando dar mostras de normalidade.

-Acompañamos a este home, que non convén andar só polos camiños destas horas.

-Hai que aproveitar o día –contestei.

-Quen vive aquí? –preguntáronme mentres votaban unha ollada ás fiestras que aínda tiñan as contras botadas e aos pallotes.

- Son viúva, o meu home morreu na guerra. Vivo co meu tío que xa saíu tallar, coa miña tía que está encamada e coa miña filla.

- Moi nova para ser viúva -miráronme de arriba a baixo sen ningún recato. Eu levaba aínda loito por Cosme, ven viron o meu vestido e o meu pano negros. Subiume o rubor ás fazulas e mirei cara ao tío que aínda andaba a gabexar arredor da besta.

-Queden con Deus –repuxen namentres tiraba da portela coa cara roxa de carraxe.

-Que Deus os acompañe –contestaron cunha risada enfilando os cabalos polo camiño.

O tío xa amarrara a besta e eu en canto os gardas se perderon de vista na revolta da pista xa fun de contado preguntarlle que acontecera malia que xa me daba unha idea.

-Qué pasou tío, que pasou, fixéronlle algo -eu devecía por saber.

-Vaite, vaite de aí –díxome o tío en voz baixa e sen mirar sequera para min-. Métete dentro e non veñas aquí a nada. Xa falaremos ao xantar.

O tío colleu a esqueira que estaba arrimada á porta da barra subiu para o tellado e estivo nel todo o día. Só baixou un pouco ao medio día pero nin bocado probou, aínda tiña o medo no corpo e eu farteime de chorar e de dar grazas a Deus cando por fin me contou o que acontecera. Dende ese día estivo máis dunha semana sen saír da casa. Nunca antes a Garda Civil se vira antes pola aldea nin nunca se volveu ver, pero o susto aínda nos durou moito tempo. Eu dicíalle á xente que me preguntaba que o tío estaba mal do lombo que nin se erguía e foron moitos veciños velo e botarme unha man tamén coas labores que eu non daba para máis. Eu creo que algúns xa sabían do conto, que estas cousas corren de contado e sempre hai quen ve, pero nunca ninguén dixo nada. Polo de pronto cando empezou a saír da casa o tío deixou bigote e comezou a andar cunha boina aínda que non o tiña el por costume, pero o medo é libre e temía que os garda aqueles volvesen por alí e o recoñecesen.

Nunca máis o tío Francisco volveu andar no estraperlo, pero para daquela xa xuntara algún cartiño e xa non che era o mesmo. Agachámolo no galiñeiro. Só o sabemos nós os dous máis a tía, que aínda que estaba eivada e cada vez se lle entendía menos ao falar, o sentido tíñao todo. O tío sempre me dicía:

-Estes cartos son para ti Lola, para cando che fagan falla, para Carmiña. E non volvas casar, non volvas casar se non queres nena, que has ter de abondo para ti e para a túa filla.

-E por que me di iso tío, que eu non teño idea ningunha de casar.

-Xa sei que non tes, e por iso cho digo. É verdade que aínda es moi nova e non se sabe as voltas que dará a vida pero non fagas caso do mundo nin te deixes engaiolar por calquera.

Xa facía máis de cinco anos que faltara Cosme e eu aínda levaba o loito e aínda o levei moito tempo máis, eu creo que ata que Carme casou. As miñas veciñas, as miñas irmás, as miñas compañeiras... Todas me dicían que quitase o loito, que aínda era moi nova, que podía volver casar...

-Se non tratas de casar agora, non casas máis –repetíame unha e outra vez a miña amiga Pilara chea de preocupación-. Faime caso Lola, que vas facer ti soa e cunha criatura?

Pero o tío Francisco entendíame ben, e *mi madre* tamén. Ela dicíame que pensara na miña filla e non lle fixera caso ao mundo, que co me deixaban os tíos había saír para diante.

Cando quedei viúva eu andaría polos vinte anos e aínda che era boa moza, parécemo a min, e o meu porvir non era cativo de todo, que xa se sabía que o de meus tíos había ser meu algún día, así que aínda había algúns mozos de por alí que me querían falar, pero eu nunca lle dei pé a cousa ningunha, mesmo levei loito tanto tempo porque se arredaran de min e non viñera ningún home facerme as beiras.

Así e todo tívenme que gardar moito que daquela os homes, os máis deles, eran coma cans -fóra a alma-, mesmo nalgunha ocasión lle teño visto as orellas ao lobo. Había alí na aldea un lambón, Mino, o de Florentina, que andaba coma un tolo detrás de min, xa me quería falar antes de que eu empezara a andar con Cosme, pero eu nunca o puiden ver, e érase bo mozo, alto moreno de pel, cos ollos escuros e cunha ringleira de dentes ben brancos e ben postos... e non era tampouco de familia pobre nin mal lles parecía que falara comigo, pero tiña aquelas maneiras... Había que andar sempre arredando del porque che botaba a man a onde fora sen respecto ningún. Non había cousa que máis me arrepiara. Tíño moi aborrecido! Vivíamos na mesma aldea e non nos quedaba outra que atoparnos a miúdo. Mentres estiven de moza con Cosme e o pouco que botei con el de casada nunca nada me dixo, ben é certo, pero de alí a dous anos ou así que enviuei empezou de novo. Xa pensaba eu que aquel conto quedara esquecido porque el andaba a falar con outra moza e antes desa aínda con outras, pero cada vez que me vía

habíame dicir algunha parvada e aínda lle collín máis teima ca antes. Andaba sempre á espreita e facía por bater comigo e canto máis eu o rexeitaba máis teimudo se volvía. Lembro que dúas veces me acosou indo eu para o muíño. Nós tiñamos dúas pezas no muíño do Rubieiro, unha de medio día quinta ferira polas mañás e outra na noite do venres para o sábado. O muíño do Rubieiro aínda quedaba ben lonxe, pero nós daquela xa tiñamos a besta e xa non se tiña que ir cos sacos ao lombo, ao mellor dúas veces no día. Nunha ocasión, era polo san Martiño e mataramos o porco, fora eu moer un pouco centeo na peza de medio día para a mestura de cocer e de paso aproveitaba para lavar as tripas mentres esperaba pola muiñada. Estaba na pedra do lavadoiro cando comezou a ladrar o Petís e a besta púxose moi alporizada, sempre se encrespaba cando se achegaba algún cabalo. Non agardei a ver quen era porque xa me dei unha idea. Por aquel carreiro non se chegaba máis ca o muíño e todo o mundo sabía que na mañá da quinta feira era a nosa peza. Boteime dentro do muíño e pechei a porta coa chave e coa tranca, e axexei pero non vin a ninguén e que Deus me perdoe se me engano pero había ser el, se non quen fose habíase dar a coñecer. Collín bo medo e non saín ata que o can deixou de ladrar. Outra vez, daquela xa ía eu vender á praza a Santiago no martes e máis na quinta feira, o demo me tentou a ir deixar o muíño posto contra a noitiña do venres porque non podía ir na peza da mañá. O tío xa non quería que fose pero eu insistín en que volvía de contado, enchía a cangalleira e xa iría pola fariña na mañanciña, que duraba a peza ata as nove. E alá fun, pero antes xa de chegar ao muíño presentouseme o Mino do demo. Eu ía sentada na besta de medio lado e baixeí dela por medo a que me tirara, aloumiñeina, suxeteina con forza, e agarrei o can pola correa de coiro que levaba no pescozo. Mino achegouse co cabalo ao paso. Ía todo fachendoso co encerado de choiva, o sombreiro de feltro e as polainas de coiro ben amarradas, o certo é que tiña moi boa presenza e mesmo parecía que fose sempre de día santo. Andaba decote co sombreiro á cabeza, a vara ao ombreiro e asubiando coma un xílgaro. As miñas amigas fartábanse de dicirme que era unha soberbia, que *Deus lle dá o pan a quen non ten dentes*, pero eu estaba moi atarefada con outras cavilacións e outros traballos que non tiñan elas e non andaba con ganas de contos.

Arrimeí a besta ao roleiro para deixalo pasar, pero freou o cabalo á miña altura e virouno cara a min atrancándome o camiño.

-Aparta de diante –díxenlle, tremíanme os dentes coa rabia-, e déixame pasar que levo apuro.

- E se non, que me vas facer? – riu debruzándose cara a min e afincando os



pés nos estribos como para querer baixar.

-Non baixes do cabalo que che encirro o can!

-Non ha ser tanto como dis- contestoume todo requichado baixando do cabalo dun brinco-. Éiche ter que coutar ese xenio endiañado que tes.

-Non dirás logo que non che avisei.

E meu dito meu feito, en canto se achegou a min e me quixo botar a man encirreille o Petís. Esgazoulle o encerado todo e trabouno ben trabado nos brazos e nas pernas malia que el se defendeu como puido, pero eu despois xa case non daba coutado o Petís para que o deixara ir. Púxoo coma un Lázaro, vállame Deus, malamente dou subido ao cabalo.

Eu, a verdade sexa dita, non pensei que fose tanto, pero tiveron que chamar ao médico. Aínda botou ben días na casa e quedou todo marcado. O conto correuse por toda a aldea, mesmo llo foron contar a meus pais e seica ían ir chamar os gardas. Despois veu seu pai falar co meu tío, pedirlle contas, pero o tío, que nunca se alporizaba e nunca eu o oíra xurar, prendeu o lume nel coma na fáiſca e botou por dentro e por fóra.

-Saca de aí *me cagho en sandiós*, fixo ben defenderse, que se estou eu alí *pegholle* dous tiros. A que foi el ao muíño saírille á nosa rapaza? Ou pensades que non ten quen mire por ela?

E así quedou a cousa, non se volveu falar do conto nin outra palabra me dou dende aquela, pero tiven que gardar moito de min, xa che digo, daquela os homes, tanto solteiros coma casados, e se non todos moitos, botábanlle a man ás rapazas, e aínda ás mulleres casadas se tiñan ocasión, onde fora coma se todo fose unha risa. Non había cousa que máis me estarrecera. Lembro unha vez, pola malla, estabamos a facer o palleiro na nosa eira e naquel entón -xa eu tiña a miña nena-, iamos axudar uns ás casas dos outros, xuntábase toda a aldea para mallar, a mocidade acudía toda porque aínda que o traballo era moito dábase ben feito entre todos e érase coma unha festa. Estaba tamén a miña amiga e veciña de porta, Pilara, e había alí tamén un merdento que se andaba seguido a meter con ela, e dunha volta tirouna contra unhas mandas de palla e botóuselle enriba. Pilara, miña pobre, non o daba coutado e nin podía berrar que lle acudiran de tanto que a abafaba. Facía unha calor que metía medo e estábaa a afogar, e eu collín a forcada e baixeilla a través das costas. Ai, levou de abondo que rascar que o tiveron que erguer entre dous homes.

Téñolle contado estes contos –que non son contos- moitas veces aos meus netos e aínda estou a oír a Tareixa.

-Arre madriña, que así e todo eras ben bruta.

Pero non era ser bruta, éranche outros tempos e non tiñamos outra maneira de nos defender e facernos respectar, de solteiras, que de casadas nalgunhas bouraban coma nas vacas e non se daba un chíó. Daquela había cousas como hai agora, o aínda máis, pero sabíanse menos, non se dicía nin se preguntaba e á que lle tocaba, tocáballe e punto.

Despois do Mino houbo outro home, veciño da parroquia, que quixo casar comigo. Antes as cousas amañábanse así e nalgúns casos os noivos nin moito se coñecían. Era viúvo tamén –despois acabou casando de segundas cunha miña curmá-, algo máis vello ca min, e tiña un meniño de canda a miña Carme. Era traballador e formal, era un bo home, tiña casa e bens de seu e ata foi falar cos meus tíos e cos meus pais para que me convencesen, pero eles, tanto os uns coma os outros dixéronlle que iso era cousa miña. Pero eu non tiña gana ningunha, nin necesidade, de volver casar. Para entón xa a miña nena tería cinco ou seis anos, era moi esperta e grazas a Deus non nos faltaba de nada, dentro do que eran aqueles tempos que non había a fartura que hai hoxe.

Dende que o tío deixara de andar co estraperlo eu boteime a vender para gañar o pan porque na nosa situación non vía moito que facer, e non era a única, que daquela fomos moitas as mulleres que tremamos da vida cando foi da guerra e despois cando os homes marcharon emigrados arreo, e ás veces cunha morea de fillos para manter e para criar, ben é certo que entón non se andaba con tantos miramentos, uns xa criaban aos outros, os máis vellos aos máis novos, e aínda non levantaban dúas cuartas do chan xa se botaban a traballar. A escola non se mandaban nada máis que algunha vez polo inverno cando non había moito que facer, que tampouco moito se aprendía todo hai que dicilo, porque cando ías un día xa se che esquecera o que aprenderas a última vez. Algúns mandabámoslos á escola de pago polo mediodía na hora da sesta ou pola noite dende que se remataba o traballo. Eu aínda mandei a Carme ben tempo. Poñíalles escola Dona Engracia, a irmá do crego, tanto aos rapaces coma ás rapazas aínda que os tiña en cuartos apartados. Non o facía por caridade que ben que cobraba pero aprendíaos ben e os poucos da parroquia, case todos rapaces, que seguían cos estudos ían alí e entre ela e máis o crego, Don Florentino, xa lles preparaban as cousas para despois ir para Santiago. A maioría non aspiraba máis ca que soubesen ler, escribir e as catro regras que xa era moito

e os máis avezados xa con iso atopaban bos traballos que moitos entraron en hospitais e en bancos e hoxe algúns mesmo están de xefes, non era coma agora que ata para varrer as rúas ou limpar as gabias hai que estudar e quitar unhas oposicións.

Eu ía vender á praza a Santiago tres días á semana e facía uns cartiños que entón non había aínda moito onde facelos. Traballaba arreo e o tío Francisco e a nena axudábanme no que podían. Plantabamos moito repolo do verán e do inverno, grelos, patacas, fabas, chícharos... Erguíame con noite e cando abría o día xa estaba coa besta cargada en Santiago. De primeiro ía eu soa e bo medo que levaba aínda que facía todo o camiño pola estrada, pero cando a escaseza aprema un saca valentía da necesidade. Non quero dicir tampouco que nos vísemos na miseria nin que moitos apuros pasamos, que non era así, había outros ben peor ca nós, pero teño que recoñecer que a min sempre me gustou ter, e como reza o dito “canto máis se ten máis se quere”, que se eu tivera que saír de onda meus pais porque non tiñamos, para facer de por vida, habíame pagar a pena, me falte Deus se non había de facer todo o que puidese que á casa nunca ninguén ven traer nada e o que hai se non se repón logo se acaba.

O tío porfiou moito comigo para que non me botase eu soa de noite polos camiños, pero eu non me achiquei, iso si, facíame levar o fouciño do monte nas alforxas e unha espeta ben afiada no mandil pero grazas a Deus nunca tiven que botar man deles, que mira ti qué podía facer eu con semellantes armas se me quixesen facer mal. Con todo foi pouco tempo o que andei eu soa que ao cabo dunhas semanas xa iamos outra máis eu: Marina, a do Merlo. Cando soubo do meu trafego ela tamén quixo probar. O certo é que eu tamén calquei algo nela para que se animase dicíndolle que a min me estaba saíndo a conta -cousa que tampouco era ningunha mentira- e por tentalo no perdía nada. Seu pai era cesteiro e levaba cestas e cestos de vimbio e de xunco e sombreiros de palla para vender e ás veces uns ovos ou unhas patacas ou froita ou o que houbese, coma min, levabamos as bestas cargadas e se había sorte volvíamos ao xantar con elas baleiras. Na praza aínda cho pasabamos ben, xa máis ou menos nos coñeciamos todas e sempre había un conto que botar, o malo era o frío que pasabamos ás veces, e as molladuras que, aínda que levabamos aqueles encerados dos homes, poñíamonos coma pingas e así botabamos todo o día entaladas de frío. Moi duras eramos, pero por iso que non hai coma ter un peso e poder dispoñer del. Ás veces traíalle á tía e a Carmiña unhas laranxas ou uns melindres que nin todo o mundo podía e un día con outro ías cos teus cartiños no peto e por iso xa

valía a pena.

Cando a tía morreu, tería Carme uns dez ou once anos, démoslle un arranxiño á casa. Botamos o sobrado novo, fixémoslle saída ao gando por fóra, enlousamos o chan e encalamos as paredes e ,xa de paso, e de tanto que calcou en min miña irmá Paquita, fixemos tamén un cuarto de baño. Non era coma os de agora, nada que ver, non tiña máis ca un lavabo, un retrete e unha pía de obra recuberta de azulexos que facía de bañeira, pero non había auga quente, tiñamos que carretala dende o pote. Con todo, polo menos tiñas a túa intimidade e era outra limpeza. Na casa dos tíos había un cuartiño de táboas nun curruncho do sobrado, que non tería máis dun paso por cada lado, cun burato que daba ás cortes e alí facía un as súas necesidade e libraba os penicos. De nena, cando iamos á casa dos tíos, eu estarricaba co medo só de ver aquel cuarto, meus irmáns máis vellos metíannos medo dicindo que se caíamos por alí iamos dar ao inferno, e daquela o inferno dába máis medo ca o lobo ou o home do saco. Na casa dos meus pais, coma na maioría das casas, íase directamente ás cortes, aos alpendres, detrás dos palleiros ou entre o millo, dependendo de onde te atoparas. Era o que había e o que non se coñecía non se estrañaba.

De alí a pouco apareceu pola porta un matrimonio e un mozo que viñan buscando pensión para o rapaz. Víase que eran xente fina, do *pueblo*. Tratábase do novo mestre que lles ía poñer escola aos rapaces, viña ocupar a praza de Don Eduardo, que xa levaba moitos anos que non rexía moito, era coma quen non o tiña, coma que ten pai e teno morto, e seica non ensinaba nada, polo que decaín, que ás nenas sempre lle puxo escola a mestra, Dona Pura, e aprendían moito máis as rapazas cos rapaces malia que eles ían máis á escola. Elas botábanse antes a traballar e se había algún estudado eran rapaces, que daquela escola xa non había ningún porque os que podían un pouco xa os mandaban ao *pueblo*, ou a Dona Engracia, a irmá do crego

O matrimonio era da parte da Estrada segundo contaron, e querían alugar un cuarto para o rapaz que non quedase moi arredado da escola. Alí, na redonda, non había moito quen alugara, moitas das casas de antes non tiñan máis ca dous cuartos, algunhas máis pero había moita xente nelas. Eles foron primeiro preguntar á casa do cura pero Ordes quedáballes moi lonxe, e lonxe era para que non estaba acostumado que ademais nós chegabamos nun suspiro coma quen di. Don Florentino foi quen lle falou de nós, seica lles dixo que non facía moito que lle deramos un arranxo á casa e que sitio tiñamos

de abondo e que eramos de boa familia tamén. Non contabamos con aquilo, pero o que queríamos era facer unha peseta e se podía ser sen ter que saír moito a fóra mellor. Ensineilles a casa e conviñeron en alugar o cuarto no que eu durmía que era o máis soleado e o máis grande, tiña unha fiestra enteira e dába á horta. O tío e máis a nena preferían durmir nos que daban ao camiño porque sempre había máis que *vixotar*, e tanto o un coma a outra teñen botado moitos contos cos cóbados apoiados naquelas fiestras, vendo quen ía ou quen viña, ou mesmo, como quedabamos no alto, ollando cara os herbais e as chouzas que no bo tempo dába gloria mirar cara a fóra. Eu trasladeime ao cuarto da cheminea que era o máis cativo e onde tiñamos a artesa do trigo e do centeo, os manteis e a vaixela das festas, a roupa branca e unha morea de morriñada que houbo que acomodar noutros sitios.

O certo é que a escola tiña vivenda enriba pero vese que non estaba o rapaz acostumado a facer nada e acordamos que nós lle dabamos comida e nos encargabamos da roupa e todo iso. Non lembro agora canto nos pagaban pero o que sei e que gañaba máis á semana – pagábame sempre á semana- co que facía na praza en dúas. E sen moito traballo a verdade sexa dita aínda que, claro, tíñaslle que ter a comidiña á súa hora e non era botala na pota e *ala!*, pero dába gusto con el que era moi agradecido, nunca unha queixa me dou por nada. Era aínda un raparigo novo, miúdo, alto e moi educado e reservado que ranqueaba algo dunha perna, pero moi listo e moi amable e a xente estábache ben contenta con el porque seica era outra cousa, nada que ver co finado Don Eduardo. Os rapaces aprendían e máis non mallaba neles sen xeito.

Na casa mesmo era coma quen non o tiña, moi limpo e moi ordenado, sempre o deixaba todo ben encartadiño enriba da cadeira, mesmo a roupa que era para lavar, e tan recatado que nunca botou os calzóns ó lavadoiro, levábaos a que llos lavaran na casa, debíalle dar apuro. Andaba sempre co seu traxe, coa súa garabata e cos seus zapatos ben lustrosos e de inverno cun abrigo de pano negro e un sombreiro de feltro que moi ben lle quedaba. A escola aínda quedaba algo arredada das casas e cando chovía os camiños enchíanse de lama e de pozas, mesmo daba pena tan posto como ía e eu sempre berraba con el.

-Pero, Don Ignacio, non lle sería mellor que levase uns bos zocos? Haille en Vilarmide un zoqueiro ben curioso que fai uns zoquiños moi lixeiros e ben finos.

-Os zocos non me dan andar Lola, e máis non quedan ben con esta roupa –

dicía mirando cara ós pés. Cada cousa é para o que é.

-Non quedan ben! E logo pensa vostede que lle ha importar a alguén? – protestáballe eu. O caso é que ande abrigado como Deus manda.

Pero vese que ao rapaz non lle convencía, dicía que ía con tino e xa lle pasaría un trapo en canto chegase. Cando había moita invernada xa lle mandaba a comida para que non tivese que andar indo e vindo, pero el agradecía de comer connosco sempre que podía, e cando eu ía a Santiago xa lle deixaba o caldo feito de véspera, ou que fose.

Se hoxe sei ler e escribir foi grazas a el. Eu algo fora á escola de pequena, pero pouco, e dende que fun para a casa dos tíos xa non volvíñ. Coñecía algunhas letras pero non sabía ler de corrido e de escribir, poñer o meu nome e bo era, que había moitos que firmaban cunha cruz. Foron moitos anos que pasou alí con nós, ata que casou Carme. Xa era coma da familia. Adoitaba estar moito no seu cuarto, lía e escribía seguido, ata lle tiven que mercar un escritorio, un escritorio de castaño que xa daquela me valera un bo diñeiro, pero aínda está aí, está coma novo que o arranxou Tareixa aínda fai pouco, dende que volveu para a casa. A ela gústanlle moito esas cousas de antes.

Mentres Carme foi a escola Don Ignacio tenlle dedicado moito tempo, axudáballe coas catro regras e pasou o primeiro e o segundo manuscrito, que xa eran uns libros así gordos coma unha biblia e, cando de inverno non había a onde ir porque non se podía saír da casa ou xa era o máis do tempo de noite, poñíase comigo a ler e a escribir e eu a verdade poñíalle moito interese porque aínda que lle dicía que aquilo agora xa non era para min, sempre tiña pena de ir por aí e non saber ler os letreiros, ou de non saber o que firmaba, ou de non lle poder poñer unhas letras a meu irmán que, meu pobre, cando marchou para as Américas tampouco sabía ler nin escribir e máis... mira ti, defendeuse igual. Pero foiche unha cousa da que sempre lle hei de estar agradecida, non hai cartos que llo paguen, sobre todo o de ler, que escribir eu pouco escribo e xa algunhas palabras non as sei poñer, pero agora, como di o meu neto case non fai falla nin escribir, hai un aparello que lle falas e xa cho pon todo por escrito, e os libros pódense escoitar coma se fosen unha daquelas novelas que escoitabamos pola radio. O que tal cambiaron os mundos! O primeiro libro que eu lin foi de Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*, regaloumo el e moito me gustou sempre, aínda hoxe sei algunhas cantas de memoria.

Cando Carme deixou a escola, moito porfiou para que seguise cos estudos, para que fose mestra que a preparaba el ou se non que coñecía un colexio de monxas moi

bo en Santiago que tamén fora alí súa irmá -na súa casa eran catro de irmáns e eran todos estudados, un deles cura. Carme ser era moi lista, xa mo dicía tamén Dona Engracia, pero non quería e non quería, se non nós habíamos facer o esforzo que aínda gardabamos os cartos que sacara o tío co estraperlo, pero non houbo que lle facer, era testuda coma unha mula, ben o sabe Deus, e o que quería era ir traballar a unha casa de comidas a Ordes onde miña irmá a máis nova, Lela, xa levaba moitos anos de cociñeira. E foi e estivo alí ata os vinte anos que casou. Naqueles tempos poucas rapazas había que traballasen fóra, pero algunhas ían xa para o *pueblo* de criadas ou de *planchadoras* ou de lavandeiras para as casas ricas, ata que casaban, despois de casar poucas mulleres traballaban fóra da casa, non é coma agora, e ademais tíñanse moitos fillos que había que criar e o que máis e o que menos tiña as súas leiras que traballar e xa non se podía. Algunhas quedaban nas casas internas e outras, coma Carme, ían e viñan tódolos días.

Non sei cando foi que Don Ignacio empezou ver a Carme con outros ollos, pero cando tiña aí dezasete ou dezaioito anos estaba toliño por ela e notábaselle ben, eu logo me decatei, aínda que el sempre foi moi educado e sempre lle tivo moito respecto, mesmo por iso eu non fixen caso nin nada desconfiei cando xa tempo atrás me dixeran que non debía ter o mestre na casa xa coa rapaza tan moza que non había que dar que falar, pero eu co falar da xente nunca comín e nunca moito me importaron os contos do mundo que para rexoubar sempre se busca pé, háxao ou non. Nin caso lle fixen, que outras ían traballar ás casas dos señores e dos señoritos e non por iso perdían a honra, pero se a envexa fose tiña...

Don Ignacio debíalle levar ben máis de dez anos a Carme e era moi bo mozo salvo que ranqueaba algo dunha perna, pero para a súa ocupación tampouco era tanta eiva e nin moito se lle notaba tampouco, pero fose como for, o certo é que Carme nunca para el mirou. Tíñanse confianza e aínda botaban unhas risas pero non creo que á miña filla se lle pasara nunca pola cabeza mocear con aquel home, e eu, a verdade sexa dita, ben que cho sentín daquela porque tampouco eu pensara nunca que aquel home quixese mocear algún día coa miña filla, e non había de ir mal con el. Non quero dicir que non fose ben co home que levou, Ricardo, que non o hai mellor persoa nin máis traballador e decidido.

Cando Carme empezou a falar con Ricardo, Don Ignacio colleu moito desgusto, boa pena me dou e non toda por el, que podía escoller onde lle dera a gana e, de feito, casou de alí a pouco de casar Carme, aínda non pasarían dous anos, se non por min

e pola miña filla porque eu xa sabía a clase de persoa que era e como a ía tratar, que en preto de dez anos convivindo cunha persoa a diario xa vas vendo algo como é e como non e, daquela, habías de apandar toda a vida co que che tocase en sorte, fose bo ou malo. Eran outros tempos.

Pouco antes de que Carme casara déronlle escola - ou pediuna- aló preto de onde era el. Sentino coma se fose meu irmán, pero tampouco podía ser doutra maneira, Carme ía casar para a casa. Despois, xa casado e cos seus fillos, aínda nos veu visitar moitas veces. O certo é que lle tiñamos moita estima. Cada vez que nos viña ver traíame un libro: “Toma Lola, para que non perdas o costume”. Aínda os conservo, que mentres non viñeron as netas e os netos non entraron outros libros nesta casa e iso que o meu xenro, Ricardo, era fillo dunha mestra, que, por certo, se chamaba coma min, *bueh!*, eu era Lola e ela Dona Dolores, pero non era el de moito ler -coma Don Ignacio-, mandábame coller o xornal os domingos cando volvía da misa e pouco máis a non ser alá nos seus papeis.

Ricardo era de Rial de Dubra e xa daquela tiña un bo oficio, dedicábase aos seguros porque entón xa empezaba a haber coches de abondo e camionetas, camións e coches de liña. El andaba por toda a redonda e coñeceu a Carme na casa de comidas onde ela traballaba porque paraba alí moitas veces. Sempre foi un matrimonio moi ben levado e nunca el dou unha palabra máis alta cá outra. Botaba moitas horas fóra da casa, iso si, porque antes había que ir facer os seguros e cobralos polas aldeas, os máis deles nas tabernas, e non tivo unha oficina ata que os rapaces xa eran grandiños que montou unha alá preto de Santiago. Xa un pouco antes de casaren ela deixou de traballar, daquela levábase así, e non tardaron moito en ter familia. Ricardo, un mes con outro, gañaba un soldo xeitoso e co que facíamos na casa, grazas a Deus, vivíamos bastante ben, ata querían que deixase de ir vender á praza, pero eu nunca quixen, o que é de un é de un, e eu dende que me botei a traballar sempre tiven os meus cartiños e sempre me gustou telos e facer con eles o que mellor me parecese. Éche outra cousa. Non digo eu que me fose a faltar de nada, de seguro que non, pero qué ben me podía facer a min daquela deixar de vender, con corenta e poucos anos que tiña. Así fun pagando os meus cupóns para a xubilación sen lle ter que ser encargo a ninguén e axudando aos meus no que puideron para ir reformando a casa e poñela como a temos agora e gardando algo para os meus netos que cando foron medrando tamén algo había que lles dar.



Cando naceu Tareixa, a miña neta máis vella, levei moita alegría, foi un ben de Deus. Cos outros tamén, pero ela foi a primeira. É a miña afillada, a única que teño aínda que tódolos meus netos me chaman madriña. Son tres e lévanse pouco entre eles, primeiro é Tareixa, despois Xurxiño e máis nova é Marisa que aínda hoxe lle chamamos a nena aínda que xa ten trinta e oito ou trinta e nove anos. Todos naceron aquí, nesta casa, nesta cociña, e criáronse aquí ata que Tareixa rematou a escola e tivo que ir para Santiago seguir cos estudos, entón, como detrás dun xa viña outro, seus pais ordenaron de mercar un piso alá, entrando en Santiago, e fóronse todos vivir alí.

O meu xenro sempre tivo moito interese en que estudaran. El era fillo dunha mestra e xa lle tiraba máis iso dos estudos e os nosos, tanto as rapazas coma o rapaz, saíron moi listos. Tareixa xa de pequeniña andaba a dicir que ela quería se mestra coma a súa aboa Dolores e agora, grazas a Deus, está poñendo escola, pero non foi así, á carreira, que tamén padeceu o seu e custoulle moito estar como está hoxe.

Lembro que cando marcharon da casa sentino ben. Quedei soa nesta casa porque o finado tío xa morrera pouco despois de nacer Tareixa. Non me daba acostumado e aínda botei as miñas bágoas por ben tempo. Non facía máis ca andar polos cuartos adiante dun lado para o outro. Polo día aínda o ía levando co trasfego de tódolos días: os porrais, os animais, a casa... pero á tardiña, á hora de chegaren os cativos da escola... Era unha orfandade. Porfiáronme ben para que fose con eles, pero que ía facer eu nun piso deixando toda a miña vida coma quen di. Con todo, no martes e na quinta feira eu ía comer con eles. Seguía indo vender á praza. Cando xa empezaron a vir os coches de liña varias veces ao día, iamos no de cedo ata estación de autobuses e baixabamos coas cestas na cabeza pola Rúa do Home Santo e pola Rúa de San Pedro ata a praza. Marina, a do Merlo, volvía no do xantar e eu quedaba para o das cinco. Despois, co tempo xa nos levaba o fillo de Marina que traballaba en Santiago, aínda que tiñamos que ir un pouco máis cedo. Cando chegabamos, antes das oito, xa os dos postos estaban a arranxar as súas mercancías para abrir, pero nós non tiñamos máis ca pousar as cestas e ás veces, sobre todo de inverno, que morriamos co frío iamos tomar un café ao Latino que abría ás sete e media, e agardabamos a que empezase a vir a xente a iso das oito e media ou das nove, que antes aínda non había un alma.

Os venres despois de saíren da escola xa viñan todos ata o domingo á noite. Eu xa lles tiña todo preparado, os seus bocadillos gardados na despensa e o café feito na

beira do lume da lareira. O primeiro que facían os rapaces cando chegaban era ir a despensa: “Que tes de merendar madriña?”, e Carme e Ricardo collían cadansúa cunca de café e sentaban no tallo a carón do lume, aínda o fan hoxe. O lume da nosa lareira está acendido case que todo o ano –grazas a Deus temos abonda leña no monte para queimar. A todos lles gustou sempre remexe nel, aínda agora teñen ese costume e cando veñen sentan arredor da lareira e escravellan nel cun garabullo ou co que teñan a man. Ese hábito herdárono de min que sempre ando a redondear o lume cun fouciño vello da herba. Chamabámoslle o *fouciño do lume* e usabámolo tamén para lle dar a volta ás filloas da pedra. Todos na nosa casa aprenderon a darlle a volta ás filloas co fouciño sen lle tocar sequera coas mans, ata o bisneto e a bisneta máis nova que ten agora nove anos. Iso aprendino eu de miña tía Melania -que en paz estea-, e ensinéillelo a todas e a todos coma tantas outras cousas. Hai cousas que tanto lles ten como se fagan: “O caso é facelo madriña”, dinme, pero non é así: as ferramentas non lle collen de calquera xeito porque non dan traballar, a roupa só ten un xeito para que quede ben retorcida e as camisas non se colgan polos ombreiros nin os pantalóns polas perneiras. Onde tal se viu, que hai por aí tendais que arrepía velos. Eu sempre tentei, con paciencia pero con gusto, ensinalles todo o que a min me ensinaron. Oxalá que algunhas cousas nunca lles faga falla facelas, pero non está demais saber de todo que o mundo dá moitas voltas e non sabemos a onde chegaremos.

Nos días santos e nas vacacións tamén viñan para onda min. Era unha regalía. Cando se chega a unha idade, como teño eu, dáste conta do que foi e é realmente o importante, do que che levou e che leva a vida, e é sempre o mesmo. Non son os cartos nin os bens nin a sona... Son os fillos e as fillas, os netos e as netas... a familia. A dor é un sentimento que un garda para si, e canto máis fonda menos se comparte, pero a felicidade, o amor, os triunfos... saen polos ollos, precisan de seren compartidos, Se boto a vista atrás, doume de conta que as miñas maiores alegrías -tamén as penas máis grandes- doumas a familia, e todo canto acadei, todo canto teño, ten sentido porque eles e elas están e estiveron aquí, e case sempre esa alegría estivo arredor dunha mesa, por iso sempre lles digo ás miñas netas e aos meus netos que unha mesa grande e chea é unha casa rica. Agora esas cousas non se entenden. Din, con retranca, que os pisos son cada vez máis pequenos. Aínda non teñen idade para as entender, pero xa as entenderán.

Agora cada un ten a súa vida, pero aínda nos xuntamos moitas veces e dende

que está Tareixa é raro que haxa un domingo que non veñan dar aquí. Por sorte viven todos ben preto e agora chégase a todas partes de contado. Tareixa aseméllase moito a min nestas cousas, ela é a que máis arrecada en todos, tamén tivo a desgraza de saber, máis ca ningún dos outros, o que val a familia cando se lle ven as orellas ao lobo e que, ao fin e ao cabo, á hora da verdade case é o único que tes.

Xa fai máis de tres anos que Tareixa está comigo e téndoa aquí, ao meu carón, paréceme que nada malo lle pode acontecer. É esa sensación tan soberbia que temos as nais de que ninguén pode protexer ás nosas fillas e fillos coma nós, esa conduta que tamén se apreza na natureza cando vés ás femias coidar e defender ás súas crías. Eu agora xa é máis coa intención ca co poder, pero coñézoa moi ben e abóndame verlle a cara cada día para saber como está, non fai falla que me diga nada porque llo noto mesmo nos andares. Aínda que ela nalgún intre non o soubese, a súa vida nunca tivo ningún segredo para min, nunca precisei que ninguén me contase, dámo o corpo coma cando os ósos adiviñan os cambios no tempo.

Tareixa sempre foi unha rapaza alegre, esperta, chea de curiosidade polas cousas máis cotiás, sempre tivo interese por aprender de todo, por saber, por cuestionar as normas e os costumes que non consideraba xustos ou apropiados. Lembro cando a súa nai, e mesmo eu, lle mandabamos facer a cama, limpar a fiestra ou pasar o ferro á roupa de seu irmán se alporizaba toda e contestaba que o fixera el que grazas a Deus non estaba tollido, ou algo parecido porque ela a Deus sempre o amentou pouco. Ás veces, cando me acompañaba á misa saía feita unha fera esbardallando contra os curas e contra a Igrexa, dicindo que grazas a eles as mulleres sempre estaríamos sometidas, que nada nos facía máis escravas ca relixión, que había que ver como tal nos poñían nas escrituras coma se fósemos parvas, e, aínda que eu nunca lla dei, algunha razón non lle falta que nunca a lei de Deus foi igual para todos que para todas, e a dos homes, como di Tareixa, foi feita polos homes só para eles. Quen ía adiviñar, oíndoa daquela, que un día chegaría ao que chegou.

Cando Tareixa aínda estaba no instituto, tería dezasete anos, comezou a falar cun rapaz que estudaba con ela, eran amigos dicía ela, pero agora, xa se sabe, son todos “amigos” ata que viven xuntos e despois son “parella” ata que casan se é que casan.

A primeira vez que o vin foi na praza un día que veu con Tareixa. Ela adoitaba baixar ata alí se non tiña escola e mesmo me axudaba a vender ou a recoller, nunca lle

importou ter unha avoa que estivese arrimada a unha parede da praza vendendo grelos ou fabas nunha cesta, pola contra dicíame que eu era a primeira empresaria da familia e que iso tiña moito mérito

“Este é Xoan, madriña, un amigo”. Hai xente que aínda ben non a coñeces e xa lle tes confianza e, aínda que isto non é unha lei da natureza e a xente hai que coñecela, a primeira impresión non adoita fallar. Xoan era un rapaz que parecía cohibido pero en realidade era humilde, atento e educado. Alto, delgado coma un fiúncho e cun pelo longo que medio lle tapaba aqueles ollos claros que tiña, uns ollos doces, limpos coma os de Tareixa, dos que miran dende o fondo da alma e non son capaces de esconder un mal sentimento nin unha mentira. Eu xa sabía del antes de coñecelo. Carme xa me contara algo e estaba moi preocupada porque era estranxeiro e antes os estranxeiros, a verdade sexa dita, non se tiñan por xente de fiar e menos sendo portugués como era este.

Tareixa estivo moitos anos de “amiga” con Xoan, polo menos seis ou sete, e nese tempo tiveron oportunidade de coñecelo ben, tanto que xa o quería coma a un neto. Ás veces viña con Tareixa no coche de liña ou baixaba na bicicleta e botaba todo o día con nós. Alá ao primeiro a súa nai non lle parecía moito ben, pero con tempo non lle quedou máis remedio ca acostumarse e mesmo se algún fin de semana non viña parece que se estrañaba. Pero non sei como foi que as cousas mudaron e xa cando levaban moito tempo, xa estaban facendo a carreira, Tareixa comezou a saír cunha amiga súa, moi boa rapaza por certo, que coñecía dende o instituto e cos seus compañeiro e compañeiras pero Xoan non era moito de saír e non lle gustaban as festas nin as discotecas. Ten vido moitos sábados e domingos nos que Tareixa botaba na cama case toda a mañá porque chegaba ás tantas e non se daba erguido, pero a el nunca lle parecía mal. Eu berraba con ela e dicíalle que iso non estaba ben feito pero sempre respondía que a Xoan non lle importaba e que se lle importaba ou tiña dous traballos ou que saíse tamén. Eu nunca entendín esas cousas da mocidade pero gustar nunca me gustou iso de que cada un andase polo seu lado, para iso non se chega tanto a diante. Antes cando se tiña trato coa familia era porque a cousa xa era formal, pero agora, como non son máis ca amigos...

Nunca precisei que ninguén me dixese como ían as cousas entre Xoan e Tareixa, ben me dei conta, penso que aínda antes ca eles, de que aquilo se estaba a rematar. El semellaba non darse conta e non notar o cambio de Tareixa, pero eu decatábame de que algo estaba a pasar e malia que tentei aconsellala o mellor que puideron

ela insistía en que todo estaba coma sempre, que non lle dera tanto á cabeza. Pero sabe máis o demo por vello ca por demo e non tardou moito en acontecer o que xa eu temía. Foi pouco despois dunha viaxe que fixeron para visitar aos avós de Xoan. Case dun día para outro deixou de vir por Merelle, era coma se che faltase alguén da familia, pero ás veces pasaba pola praza para saudarme e falar un pouco comigo porque estudaba alí de lado. Eu dicíalle que se tiña que amañar con Tareixa, pero lembro que el me dicía: “A súa neta non me quere nada Señora Lola, non me quere nada”. Moita pena me daba.

De alí a pouco Tareixa díxonos que andaba con outro rapaz. Vaia desgusto que levamos!. Grazas a Deus que tivo o siso de non traelo á casa por moito tempo malia que a ía buscar tódolos fins de semana. Seica era fillo único dunha familia de Carballo de moito respecto e de moito carto segundo dicía o meu xenro que os coñecía ben porque lles levaba os seguros dende facía tempo, de feito o rapaz xa tiña coche e todo. En pouco tempo Tareixa pegou un cambio coma do día á noite. Os fins de semana case que non paraba na casa e algúns nin sequera viña, preparábase máis malia que nunca fora ela de moitos trapos nin de moito presumir e andaba coa cabeza a paxariños, pero sexa como for víase feliz e chea de vida.

Aínda tardou case dous anos en traer o mozo á casa, porque para Tareixa, Carlos si era o seu mozo e nunca lle oín dicir que fosen amigos. Supoño que tardou tanto en traelo porque non quería que fixésemos comparanzas con Xoan, pero eu non puiden facer outra cousa. Veu un día pola Santa María tomar café despois de comer. Ser, era moi guapo, pero non tiña aquela humildade nin aquela dozura de Xoan. Era educado pero máis falangueiro e botado para diante e non sei moi ben o qué, pero había algo nel, en como a trataba, que non me acababa de convencer. Todo era eu: a min gústame, eu son, eu teño, eu quero eu hei de facer ou de acontecer... Con Xoan todo era ela: ela é, ela quere, a ela gústalle, ela prefire...

O ano despois de acabar a carreira, Tareixa comezou a traballar e preparar as oposicións para mestra, pero antes de se presentar tan sequera ordenaron de casar e Tareixa deixou todo, o traballo e as oposicións. Tiñan pensado ir vivir a un piso que lles daban os pais del, alá en Carballo, e decidiu “aparcalo todo polo de agora”. Falamos moito con ela, sobre todo seu pai que tanta interese tivo sempre en que estudasen e gañasen cada un o seu pan, e tamén eu que dende que puiden sempre tiveren o meu e, podendo, nunca me gustou ter que depender de ninguén que, por moito que traballes, se

non cho pagan dalgunha maneira é coma se non o gañases. E hai matrimonios moi ben levados, coma o da miña Carme e máis Ricardo, que o que é dun é do outro e aínda goberna máis ela ca el, pero hai outros, aínda che coñezo algúns, que á muller danlle todo taxado e ten que pedir ata para mercar uns calcetíns e co conto de que non gañan un peso non poden nin abrir a boca. Agora os tempos cambiaron e non se aguanta como se aguantaba antes, nin elas nin eles -e fan ben-, pero así tamén se ven as cousas que se ven e iso sempre me dou moito medo que non hai máis ca oír tódolos días os telexornais ou mirar a prensa, e tanto teñen os mozos coma os vellos. O mundo toleou! Pero mirándoo ben éche sempre o mesmo, o caso é que, algúns que non todos, non se afán a que se poida vivir sen eles, pensan que son o embigo do mundo. Son eses celos do demo e aínda que tamén hai mulleres celosas, e moito, as súas rabechas non adoitan chegar tan lonxe. De tódolos xeitos está visto que canto máis mandonas, caprichosas ou ruíns son elas, mellores son eles porque, como dicía meu tío, enriba da debilidade todo o mundo se vai.

Tareixa casou e foise vivir a Carballo pero aínda viñan moi a miúdo, case tódolos domingos. De primeiro parece que todo lle ía de marabilla e mesmo nalgunha ocasión falara de volver preparar as oposicións -sería máis ca nada polo que lle insistían seus pais e máis a súa amiga- pero pronto abandonou a idea e non volveu falar do conto porque tiña medo de que se aprobaba a foran mandar para lonxe. Mira ti que dúbida tería daquela sen fillos, sen traballo e sen nada, pero as cousas canto máis se deixan máis custan e para poñerse á labor fai falla sobre todo ilusión, propósito e vontade, e Tareixa estaba máis atarefada co seu piso, coas viaxes, as vacacións e outros asuntos polos que ela nunca amosara ningunha interese ata entón.

Esa vida duroulle máis ou menos dous anos, a partir de aí xa empecei a notar que as cousas se torceran. Viñame ver no medio da semana, dicía que se aburría, que non tiña máis que facer ca limpar sobre limpo e ás veces mesmo viña o venres pola noite ata o domingo cando o seu home marchaba seica ao xabaril. A min aquilo xa non me parecía que tivese xeito, acabados de casar coma quen di, pero ela sempre o andaba a xustificar, que se traballaba moito, que se tamén se tiña que distraer un pouco, que se ían tódolos seus compañeiros... Nunca o pensara eu da nosa Tareixa, ela sempre fora una rapaza co seu xenio, de facer o que quería segundo a súa idea, de pelexar polas cousas que ela dicía xustas, de, como adoitaba dicir, non aspirar a menos ca ningún home só polo feito ser muller, de defender o seu espazo e as súas crenzas mesmo téndose que enfrontar moitas

veces á familia. Tareixa non era así, apoucada e débil, sen rumbo. Ela, que se erguía cada día sabendo o que quería facer, o que tiña que facer, “*cun fin en mente*” como tiña por costume dicir, e agora semellaba non saber nin quen era nin cara a onde camiñaba.

Un ten que ter un bo apoio onde arrimar a súa esqueira e un bo motivo para subir o chanzo de cada día, ten que querer chegar a algures. Para min, cando me mandaron para a casa dos tíos, era ter algo de meu e aínda que daquela non tivese nin conciencia do que era iso sempre tiña ben presente as palabras de *mi madre*: “*Para que fagas de por vida, miña filla, e acadas o que nós non che podemos dar*”. Despois, cando morreu Cosme, no alto da esqueira estaba a miña filla e por ela era quen de subir os chanzos de dous en dous e mesmo de xeonllos se fixese falla. Logo viñeron as netas e o neto que son coma se fosen fillos, e os bisnetos... e sempre tiveron a ilusión de crialos e velos medrar, de darlles apoio e consello e axudalos en todo, e esa foi a miña forza e a miña alegría, iso polo que di Tareixa que quere ser coma min, o espello no que se mirar.

Cando as cousas semellaban xa non ter moita traza Tareixa caeu en cinta, entón pareceu que en verdade a criatura viñese cun pan debaixo do brazo e foise arranxando a relación entre eles. Volveu ser a de antes, leda e ilusionada, con ganas de facer cousas, de pensar no que había de vir, semellaba saír dunha longa tempada de invernada e florecer coma os caraveis nas silveiras polo San Xoan, e con ela florecemos todos que xa levabamos ben tempo coa dor de ver como se ensumía aquela rapaza.

Pero éche ben certo que *a alegría pouco dura na casa dos pobres*, e na de Tareixa tampouco moito durou. Ao pouco de nacer o neno ben vin nela que volvía ás andadas. Empezou a enfraquecer ata parecer un espírito e aqueles ollos limpos e vivos que tiña empezaron a afundírenselle que mesmo parecía unha aparecida. Collemos moita pena e pensamos que estaba enferma pero ela teimaba en que non durmía ben, en que andara coa gripe, que a súa sogra estivera no hospital... Sempre había ter unha escusa, pero nunca arremetía contra do seu home, mesmo ás veces aínda o defendía coma se fixese unha obra de caridade vivindo con ela, coma se a estivese mantendo de balde. Caíame a alma aos pés cando a oía falar así, tan derrotada pola vida aos seus trinta anos, coma se tivese vivido a meirande desgraza.

Botou así moitos anos, agachándose, como avergoñada da vida que levaba, coma se fose a culpable do que lle estaba tocando en sorte e por máis que lle preguntabamos non abría a boca, mesmo se enfadaba porque nos “andabamos a meter na

súa vida”. Ela sempre fora moi súa, moi independente e gustáballe tomar as súas propias decisións por máis que ás veces un soubese que se ía escornear, pero adoitaba dicir que “un ten que equivocarse en por si, que os erros son só información da que hai que tomar nota”. Isto é así, non lle quito razón e ben é certo que dos golpes e de onde máis se aprende, pero iso só é posible cando os golpes non te noquean e nesa época non estaba Tareixa para tomar nota do que estaba a acontecer, nin sequera era quen de velo e menos de asumilo. Non se ven igual as cousas cando un está no buraco ca cando está ao borde do pozo ou lonxe do perigo; diso tamén sei eu un pouco que xa pasei os meus traballos .

Nós non tiñamos maneira de pescudar nada porque cada vez viñan menos e os nosos alá xa nin pisaban. Ás veces, polas festas, por un día de celebrar ou co gallo de ver o neno insistiamos e, xa sería para que non sospeitásemos ou por se un día nos presentabamos alá, ao fin viñan. Pero por máis que cada quen facía por aparentar había algo forzado, algo rancio que non se podía tragar e mesmo a súa amiga, que sempre viña ás festas, e o noso Xurxo non podían – ou non querían- disimular o desprezo que sentían polo home da miña neta e case nin lle dirixían a palabra por máis que el se comportase coma se fosen os máis levados, pero nin seus pais nin eu sabiamos cal era o verdadeiro motivo desa actitude. Eles debían coñecer algo máis ca nós pero gardábanse de poñernos ao tanto, xa sería por non nos dar máis ansia e máis pena da que xa tiñamos. Tareixa, miña pobre, ben se decatara e iso non facía máis ca aumentar o seu sufrimento.

Daquela non tiñamos teléfono na aldea pero dende Santiago falábanlle a miúdo e preguntábanlle qué lle pasaba, se precisaba algo, se tiña problemas co seu home ou cos sogros pero dicía unha e outra vez que estaba ben, que non lle faltaba de nada nin a ela nin ao neno e que eran cousas nosas. Chegamos crer que enfermara dos nervios e mesmo pensamos en falar co seu home para levala a algún sitio porque non viamos de qué maneira a axudar. A súa amiga, Elvira, ía ver a ela e ao neno case cada semana cando sabía que estaban sos e estaba máis ao tanto das súas cousas ca nós, pero xurábanos e perxurábanos que mallar nunca lle mallara e, dentro do que cabe, quedabamos máis tranquilos. Ben é certo que hai outros golpes que doen máis cas labazadas e os paus, golpes que non deixan marcas no corpo pero que tardan máis en curar e que deixan sinais de por vida, porén, pode semellar que son menos graves e ás veces non se lles dá mérito ningún, pero poucas cousas hai que fagan tanto dano coma as palabras da xente. As ameazas, os insultos, os desprezos... van minando nun ata volvelo un monicreque, ata



convencelo de que non vale nada, de que é un inútil, un fracasado, un dependente que non pode moverse só, que non ten onde ir. Iso foi o que lle pasou a Tareixa, non foron as lapadas nin os paus, foi un aldraxar continuo que a volveu un farrapo sen vontade, un meniño asustado polo *home do saco*, un espírito sen presenza, un paxariño asediado polo miñado. Miña nena!

Un ano, polo entroido, tróuxonos o neno, que cumpría dez anos, para celebrar o aniversario connosco coma tódolos anos e de paso o dela que estaba a ser tamén. Veu soa co neno e ata nos sentimos aliviados porque para nós o motivo da situación de Tareixa tiña un nome e pode que pecásemos, que saber de certo non sabíamos nada, pero dábanolo o corpo e aínda que non fose así un sempre volve polos seus teñan ou non toda ou parte da culpa, como dicía *mi madre* “ toda carne come o lobo menos a súa que a lambe”, éche outra lei da natureza. Era o Domingo de Ramos e temos por costume ese día xuntarnos todos para comer o cocido porque despois, o sábado ou o domingo de entroido, cada un anda ao seu e non é doado arrecadalos a todos. Xantamos todos aquí: seus pais, seu irmán coa muller e a nena e a súa irmá mais nova co seu mozo. Antes de chegar Tareixa eu xa ordenara de falar con ela, levaba moitas noites matinando na maneira de dicirlle as cousas como eran para que botase man da súa vida porque cada vez que a viamos estaba peor: non tiña humor de nada, ensumida coma un garabullo, cos ollos afundidos e sempre tristes, cunhas olleiras negras coma a noite, co pelo sen amañar e un pouco desleixada no vestir; mesmo por veces receabamos de se non se estaría botando á bebida. Despois de xantar fomos ela máis eu dar unha volta pola horta. Temos unha horta toda cercada cun valado de pedra, grande e chea de froiteiras de tódalas clases, cun espazo para os porrais, nos que tanto ten remexido de pequena, e outro enlousado cunha mesa e uns bancos de pedra de cantería para comer fóra cando vén o bo tempo. Sentamos alí un pouco e Tareixa, cos ollos e a voz anegados de nostalgia, díxome: “Que ben se está aquí, madriña”, e eu, cun nó na gorxa e o peito encollido, díxenlle que cando non estivese ben alá onde estaba, podía volver cando quixera, que a min me facía moita falla e que esta, a casa onde se criaron todos, era tamén a súa casa. Entón, Tareixa non puido conter as bágoas e rompeu a chorar coma unha meniña coa súa cabeza de pelo crecho agachada no meu colo.

Con todo, Tareixa non admitiu que tivese problemas no seu matrimonio, dicía que non sabía o que tiña, que non lle faltaba cousa algunha pero que estaba deprimida,

que había un baleiro que non era capaz de encher nin sequera co seu fillo, que non tiña ilusión por nada. Eu porfieille para que se fose mirar, para que fose a un especialista porque se estaba con depresión tíñase que tratar para non enfermarse dos nervios, que non se abandonase daquela maneira, polo seu ben pero sobre todo polo do neno. Tareixa aceptoume, pero eu sentía no fondo do meu peito que ela soa non ía ser capaz de saír daquela cova escura na que se atopaba.

De alí a pouco, aínda non pasaran quince días aconteceu algo que non agardabamos. Tareixa chamou a súa nai e díxolle que quería falar con todos nós, que avisara a seus irmáns, entre eles sempre se levaron ben e sempre se taparon e se axudaron os uns aos outros grazas a Deus. Viñeron un sábado pola tarde e Tareixa díxonos que ía deixar ao seu home, que non podía máis e que por fin se decatara do que estaba a acontecer, que por fin alguén fora capaz de lle quitar o pano dos ollos e conseguira ver o que non vira ata entón: que era unha muller maltratada, que malia non ter recibido máis ca unha labazada, -e diso facía só uns días, cando se enfrontara ao seu home, pero iso aínda non o soubemos daquela-, nin ter un só sinal no seu corpo era unha muller maltratada. Non nos alegramos, non era cousa de se alegrar, pero quedamos aliviados porque polo menos abríase un camiño para aquela situación que, máis ca non levar a ningures, escorregaba por unha pendente que podía mesmo acabar nunha desgraza. Todos lle ofrecemos o noso apoio para o que fixese falla nese mesmo intre, pero Tareixa, malia pasar tan pouco tempo dende a última vez que a vimos, parecía outra, xa tiña as súas ideas ben matizadas e semellaba decidida e disposta ao que fose para acadar o seu plan. Tíñao todo calculado. Non ía dicir nada ata que rematase o curso do neno e despois viría vivir aquí, comigo. Mentres ía preparar as oposicións coa axuda da súa amiga Elvira, non quería desaproveitar máis o tempo e tiña que empezar a espertar porque sabía que o camiño ía ser duro e cheo de atrancos, todos o sabiamos, pero naquel intre o que máis nos amedrentaba era como tomaría Carlos aquilo cando se decatase. Entón non sabiamos que o paso máis difícil dese camiño xa estaba dado, que Tareixa xa se enfrontara ao seu home e que por iso recibira esa lapada que segundo ela foi a primeira e a última, que foi o resorte que lle fixo dar o brinco, fuxir pola única saída posible dende o fondo do pozo: cara arriba.

Foron meses de ansiedade agardando un intre que todos imaxinabamos tremendo, pero por sorte as cousas non se complicaron tanto coma nós temíamos.

Soubemos que el tentou reter a Tareixa de tódolos xeitos posibles, polas malas con ameazas mesmo de quitarlle o neno e polas boas pedíndolle perdón e prometendo case todo, pero ela xa estaba decida e non dou un paso atrás ata que á fin comprendeu que a solución non podía ser outra e tratou, á súa vez, de facilitar as cousas para que o neno sufrise o menos posible.

Pensabamos que o intre da separación real, cando se fosen definitivamente, sería o peor, pero non foi así, o peor veu aínda despois, cando Tareixa se enfrontou verdadeiramente aos acontecementos e tivo o tempo e a serenidade necesarias para valorar a súa vida, para darse conta de cal era a situación real á que se enfrontaba aos seus case corenta anos e sen nada de seu coma quen di. Tivemos, toda a familia e a súa amiga Elvira –xa case non lle quedaba outra-, que loitar moito para que non decaese, pero aínda botou moitas bágoas antes de poñerse ao camiño e comezar a andar. Grazas a Deus de alí a pouco atopáronlle un traballo dando clase nunha academia antes xa de rematar o verán e a partir de aí o seu ánimo empezou a mellorar. As oposicións suspenderas, xa non contaba con elas porque tampouco tivera moito tempo de as preparar pero seguiu estudando coa esperanza do ano seguinte.

Entre o da academia, o estudo, o neno e as cousas da casa, o curso pasou sen case nos darmos e chegou o verán aínda que Tareixa non deixou de traballar na academia, pola contra, tiña que ir polas mañás e polas tardes, pero estaba contenta. Seica tiña moi bos compañeiros e compañeiras e volvía rir outra vez. Por outra banda o seu home viña moi a miúdo buscar o neno, case que tódolos fins de semana e mesmo ás veces o viña ver polo medio da semana, acordárono así e, por sorte, nunca tiveron ningún problema con iso nin con outra cousa. O certo é que dende que se separaron foron capaces de arranxar as súas cousas sen unha discusión e de boa fe. Eu creo que el se sentía avergoñado ou culpable do que pasara e agora trataba a Tareixa con máis respecto e máis amabilidade ca antes, tanto que eu cheguei a pensar nalgún intre que aínda se ían amañar. Preocupábase por como lle ían as cousas, os estudos, o traballo e semellaba alegrarse de que todo lle fora ben. El nunca entraba á casa pero ás veces aínda botaban un anaco falando na eira ou escoitando as cousas que o neno lles contaba e botaban unha risas. Mesmo parecía unha familia que nunca un problema tivera. Tareixa dicía que non volvería con el aínda que llo pedise porque dentro dela se romperá algo que xa non se podía compoñer e que non era soberbia, era a súa dignidade que aínda estaba resentida. Porén, cando soubo polo neno

que el andaba con outra muller, notouse nela que onde houbo lume quedan ascuas e, fai agora un ano, cando lle dixo que se quería divorciar levou moito desgusto e pasou unha tempada moi decaída outra vez, non porque tivera esperanza algunha de que se foran amañar se non porque outra vez se sentiu culpable do rumbo que levara o seu matrimonio, para ela era coma unha derrota, un desprezo e preguntábase qué foi o que non fixo ben, en qué intre e por qué as cousas se torceran daquela maneira. Eu díciolle que non se mortificase máis que era o destino de cada un, pero ela dicíame que o destino non existe, que cada un ten aquilo que os seus pensamentos e os seus actos atraen cara a si, que son as decisións que tomamos as que nos levan por un ou outro camiño, que sempre se ten elección e podía ser que ela non escollese as máis axeitadas. E eu, oíndoa falar así, rebatendo aquilo que eu lle dicía máis por costume ca por convicción e a pesares daqueles momentos de febleza e esmorecemento da miña neta, sabía que estaba enteira e que era quen de tirar para adiante, porque así era a nosa Tareixa: loitadora, crítica, reflexiva. Só tiña que erguerse una vez máis.

O desgusto e o decaemento de Tareixa rematou despois de comezado o curso cando outra vez a chamaron para un instituto para alá da Estrada, vai e ven tódolos días e non dá abasto a pobre entre unha cousa e outra. Cando a empezaron a chamar a miúdo tivo que deixar de traballar na academia porque tiña que escoller unha cousa ou outra e non era tema de pensar. O segundo ano que se presentou ás oposicións tampouco as aprobou pero aí polo Nadal chamáranla para cubrir unha baixa e dende aquela estivo poñendo escola case seguido a pesares de que suspendeu as oposicións por terceira vez, pero aínda así seguiu preparándose e aínda segue e eu teño a certeza de que algún ano as ha de sacar. Agora vai gañando ben a vida aínda que de cada vez está nun sitio e pasa os seus traballos porque aínda que sexa de ben lonxe fai por vir á casa tódolos días, máis ca nada polo rapaz. Eu aínda fago algo tanto dentro coma fóra da casa, pero agora os rapaces van criados doutra maneira do que se criaron os nosos e hai que estar moito enriba deles para que estuden e para que fagan as cousas, que teñen moito co que enredar, e eu agora xa non che estou para esas cousas. De tódolos xeitos o neno, grazas a Deus, adaptouse moi ben e máis agora que xa vai ao instituto. Nunca tivo ningún problema e vai moi ben nos estudos. É un rapaz moi tranquilo e moi cariñoso que non dá guerra ningunha e a min faime moita compañía.

Nos case tres anos que leva aquí Tareixa pódese dicir que por fin botou man

da súa vida e empeza a encarrilar outra vez o seu futuro. Non foi doado nin para ela nin para o resto da familia. Todos tivemos que botar unha man e non só no que a diñeiro se refire, porque Tareixa non trouxo nada máis cas súas cousas, as do rapaz e o coche co que andaba aínda que o seu home lle ofreceu por propia vontade que quedara na casa e dálle cada mes o que lle corresponde polo fillo e aínda máis do que lle corresponde, por ese lado non hai nada que lle reprochar, pero Tareixa precisou recompoñer a súa dignidade e a súa valía dende o principio e tratou con moita coraxe e con moito traballo de irse valendo por si mesma e iso axudou moito á súa recuperación. Sempre contou, iso si, co respaldo incondicional e co ánimo de todos nós, e cando un sabe que ten a rede debaixo enfrontase ao que veña con outra seguridade e outra forza que non tería se non tivese a que acudir. É boa verdade que os amigos vense nas ocasións, na fatalidade, cando hai moito que dar e pouco ou nada que coller, aínda ás veces, se cadra, levas unha mala contestación, por iso á hora da verdade quedan poucos, moi poucos non sendo a familia que ao fin e ao cabo é o que che queda, os que máis tempo han chorar por ti e te han de lembrar.

Se algo lle agradezo a Deus é que non andasen a pelexar e non ter que andar co medo no corpo cada día como andan outras por aí neses casos que se ven na televisión porque eso tampouco é vivir, nin ter que andar rifando polas criaturas ou polos bens que tamén é ben de agradecer. Sei que, dentro do malo, Tareixa aínda tivo moita sorte pero como di a súa amiga Elvira: “Por que pensas ti que non mereces o mellor?”. E non lle falta razón, ás veces pensamos que o mellor non foi feito para nós, nin sequera o bo, e non facemos tampouco nada por acadalo, pero se miras arredor dáste conta que moitas das mulleres e dos homes que chegaron lonxe, que acadaron fortuna na vida non naceron nin máis ricos nin con máis dons ca os demais, o que si, polo menos do que eu coñezo e podo falar, sempre foi xente con soños, chea de ilusión que non se derrubou fronte aos golpes da vida, que entendeu, como di Tareixa, que sempre hai elección, que sempre hai un camiño aínda que ás veces sexa difícil de ver entre a bouza. Eu sei que a min me quedaron moitas cousas por facer e agora xa non é tempo, pero cando boto a vista atrás tamén recoñezo os meus logros, todo aquilo que acadei, case sempre con moito traballo, tendo ás veces que tomar decisións arriscadas e non sempre entendidas polo mundo. Pero eu sempre tiven unha cousa ben presente, fun quen de ver o verdadeiramente importante na vida, sabía ben o porqué de subir o chanzo de cada día e agora que estou case na cima podo ver que tiña a miña esqueira ben apoiada, arrimada á parede que tiña que estar.

Fai quince días, polo Sagrado Corazón, foi a comunión da miña bisneta máis nova e, sen contar, fomos bater no mesmo restaurante con Xoan. Despois de tanto tempo e seguía igual: tan humilde, tan educado. Notábase que pasaran os anos por el, coma por todos –vinte, polo menos-, e eu, de primeiras, case non o recoñecín. Achegouse ata nós a saudarnos e o certo é que todos nos alegramos moito de velo. A min ata me saltaron as bágoas. Despois botou un bo anaco falando con Tareixa e agora, fai só un pouco, estaba aquí, nesta cociña na que xa antes estivera tantas veces, agardando por Tareixa que estaba acabando de se arranxar, contándome o que foi da súa vida. E a min parecíame que non pasara o tempo dende que aquel rapaz miúdo, de pelo longo e con aqueles ollos claros, limpos coma os de Tareixa, se achegaba ata min á praza e me dicía: “A súa neta non me quere nada señora Lola, non me quere nada” e eu, chea de convencemento, contestáballe: “Xa verás, meu fillo, como vos habedes de amañar”.

Cando Tareixa entrou na cociña e Xoan se ergueu e a mirou eu souben que aínda un pequeno milagre era posible, souben que era o destino.